

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025005122
ASUNTO	Programa +Reto Dixital 2025 dirixido a concellos de Reto Demográfico
TRÁMITE	Concesión de 67 obradoiros a 23 concellos beneficiarios

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, en aplicación da Resolución Presidencial de 20 de xaneiro de 2025, nº RP2025000361, sobre delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

1º.- Por Resolución do deputado delegado de data 17 de febreiro de 2025, número RP2025001151, aprobáronse as bases reguladoras do programa “Máis Reto Dixital” 2025 para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva de 68 obradoiros para formar no uso das novas tecnoloxías a persoas maiores de 50 anos que residan nos 34 concellos de Reto demográfico que non participaron no “Hub Dixital”. Ditas bases foron publicadas no BOPPO número 37, de 24 de febreiro de 2025.

O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 3 ata o 31 de marzo de 2025.

2º.- O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, ata esgotar o número máximo de obradoiros ofertados. Cada concello destinatario poderá solicitar dous obradoiros, e un adicional, que se terá en conta no caso de que quedasen obradoiros sen adxudicar tras a concesión inicial.

A concesión dos obradoiros seguirá o procedemento establecido na base décima da convocatoria:

- Adxudicación inicial. As solicitudes recibidas atenderanse garantindo a asignación dos dous obradoiros solicitados por cada concello, ata cubrir o máximo de 68 obradoiros ou ata que todos os concellos interesados teñan asignados os seus cursos.
- Adxudicación de obradoiros adicionais. No caso de que, unha vez realizada a adxudicación inicial, algún concello non solicitase participar no programa ou solicitase participar cun único obradoiro, os cursos restantes poderán asignárselles aos concellos que inclúsen un obradoiro adicional na súa solicitude.



A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de vinte e sete mil oitenta e nove euros con oitenta e catro céntimos (27.089,84 €) para un máximo de 68 obradoiros, con cargo á aplicación 25/233.2310.227.07 do orzamento provincial, se ben o expediente de contratación dunha empresa especializada para a impartición da formación atópase en trámite, polo que o prezo de adxudicación poderá ser menor.

3º.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes constan no expediente 23 concellos que presentan a súa solicitude, e que optan a un total de 67 obradoiros.

Todos eles achegan a documentación esixida na base oitava da convocatoria *“Unha certificación na que se faga constar o acordo do órgano competente para solicitar a participación neste programa e o compromiso de cumprir coas obrigas sinaladas na base décimo primeira “*

Así mesmo, todos os concellos elixen un obradoiro adicional a excepción dos concellos de Vila de Cruces e Dozón que solicitan 2 obradoiros cada un deles.

A totalidade dos obradoiros solicitados non superan o máximo de 68 previsto na convocatoria.

4º.- Con data 29 de abril de 2025, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da proposta da Xefa do Servizo de Xuventude e Reto demográfico para a aprobación das 23 solicitudes dos concellos.

5º.- En virtude do disposto na base décimo primeira da convocatoria, son obrigas dos concellos beneficiarios:

“Organización e xestión da convocatoria:

- *Seleccionar as persoas beneficiarias da formación unha vez concedidos os obradoiros, antes do 15 de maio de 2025, segundo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- *Comunicarlles á Deputación de Pontevedra e á empresa adxudicataria da formación, cunha antelación mínima de quince (15) días respecto das datas previstas para o inicio da formación, a relación definitiva das persoas admitidas en cada unha das accións formativas, cubrindo o modelo do anexo II. Na relación deberán figurar o nome e os apelidos, o NIF, a idade e o teléfono de contacto das persoas admitidas.*

Infraestruturas e medios técnicos:



- Proporcionar unha aula que reúna as condicións necesarias para impartir a formación; isto é, capacidade, dotación de mobiliario, accesibilidade e conexión a internet.
- Utilizar e conservar os medios técnicos que, no seu caso, se poñan á súa disposición, segundo as indicacións do persoal técnico da formación, coa obriga de devolvelos nas mesmas condicións nas que se lles entregaron.

Execución e difusión:

- Autorizar a institución provincial para publicar os datos de contacto e o lugar onde se levará a cabo o obradoiro.
- Colocar nas aulas de formación un cartel co nome do programa e coa identidade corporativa da Deputación de Pontevedra."

Á vista do anterior, de conformidade co disposto na base 16.1 das aprobadas para a execución do orzamento, **RESOLVO:**

Primeiro. Conceder 67 obradoiros a 23 concellos beneficiarios dentro do programa "Máis Reto Dixital", segundo o seguinte detalle:

Nº	EXPTE	CONCELLO	OBRADOIROS	TIPO	OBRADOIROS
1	2025010284	Pontecesures	1.Administración electrónica 4.Banca móbil 3.Sergas	Reservado Reservado Adicional	1 2 3
2	2025010256	Salceda de Caselas	3.Sergas 5.Redes sociais 4.Banca móbil	Reservado Reservado Adicional	4 5 6
3	2025010425	Mondariz	1.Administración electrónica 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	7 8 9
4	2025010438	Portas	3.Sergas 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	10 11 12
5	2025010448	Lama, A	3.Sergas 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	13 14 15
6	2025010539	Salvaterra de Miño	1.Administración electrónica 5.Redes sociais 4.Banca móbil	Reservado Reservado Adicional	16 17 18
7	2025010569	Rodeiro	3.Sergas 5.Redes sociais 4.Banca móbil	Reservado Reservado Adicional	19 20 21



8	2025011185	Caldas de Reis	4.Banca móbil 3.Sergas 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	22 23 24
9	2025011351	Silleda	1.Administración electrónica 2.Sedes electrónicas 3.Sergas	Reservado Reservado Adicional	25 26 27
10	2025013214	Fornelos de Montes	3.Sergas 4.Banca móbil 1.Administración electrónica	Reservado Reservado Adicional	28 29 30
11	2025013325	Cerdedo-Cotobade	3.Sergas 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	31 32 33
12	2025016279	Vila de Cruces	3.Sergas 4.Banca móbil	Reservado Reservado	34 35
13	2025016484	Meis	3.Sergas 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	36 37 38
14	2025017007	Vilanova de Arousa	3.Sergas 4.Banca móbil 5.Redes sociais	Reservado Reservado Adicional	39 40 41
15	2025018370	Arbo	2.Sedes electrónicas 3.Sergas 5.Redes sociais	Reservado Reservado Adicional	42 43 44
16	2025018609	Barro	2.Sedes electrónicas 3.Sergas 5.Redes sociais	Reservado Reservado Adicional	45 46 47
17	2025019105	Sanxenxo	2.Sedes electrónicas 1.Administración electrónica 3.Sergas	Reservado Reservado Adicional	48 49 50
18	2025019842	Meaño	3.Sergas 4.Banca móbil 1.Administración electrónica	Reservado Reservado Adicional	51 52 53
19	2025019878	Rosal, O	5.Redes sociais 3.Sergas 4.Banca móbil	Reservado Reservado Adicional	54 55 56
20	2025020630	Bueu	4.Banca móbil 3.Sergas 5.Redes sociais	Reservado Reservado Adicional	57 58 59
21	2025019910	Dozón	3.Sergas 5.Redes sociais	Reservado Reservado	60 61
22	2025019911	Catoira	4.Banca móbil 5.Redes sociais 3.Sergas	Reservado Reservado Adicional	62 63 64
23	2025020471	Ribadumia	1.Administración electrónica 4.Banca móbil 2.Sedes electrónicas	Reservado Reservado Adicional	65 66 67



Segundo. Publicar a resolución na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na súa páxina Web (www.depo.gal).

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere oportuno acorde a dereito.

